

**Cristina Martínez: «Galaxia, o que fai, é crear a súa propia historia. Ante a dificultade de acceso ás fontes documentais, faise a historia con libros de conversas ou memorias. Non hai obxectividade nin contraste de fontes»**

**Malores Villanueva: «Claro que hai unha acumulación de poder por parte de Galaxia, pero é que é unha rede moi ampla»**

A lectura da tese de Cristina lembra algo que dixo Santiago Jaureguizar: a cultura galega está nas mans dunhas 50 persoas. Cristina apunta a unha excesiva concentración do poder, case un oligopolio, na cultura galega.

CM: Seguindo a Bourdieu, existen homoloxías claras entre o campo cultural e os campos do poder. No meu caso, evidencio os grupos de forza nos estudos galegos e as súas redes nos campos cultural e político.

MV: Eu creo que o que pasa é que os membros de Galaxia acumulaban un grande capital simbólico. Ademais, estaban na base dos partidos políticos. Fernández del Riego é o primeiro secretario xeral do PSG, no que está Beiras. Méndez Ferrín está na fundación da UPG e facían reunións clandestinas na Fundación Penzol... Claro que hai unha acumulación de poder, pero é que Galaxia é unha rede moi ampla.

CM: En realidade, o PSG non empeza a funcionar dun modo efectivo ata os 70. A cuestión non é que estean na base de todos os partidos. Non é tanto así. O relevante, ademais, é que Piñeiro bloqueou a creación de partidos nacionalistas nos 60.

**A tese de Cristina salienta dificultades para acceder ás fontes ou utilización de fontes secundarias, como libros de entrevistas, como se fosen primarias, o cal conduce a que os discursos sobre Galaxia se sustenten no que Galaxia di de si mesma.**

MV: Baseándome en fontes primarias, eu desminto cousas que dixeron Piñeiro, Fernández del Riego ou Ferrín.

CM: Antes falabas da reunión de Coruxo, sobre a que hai, en realidade, varias versións. Non está tan claro o que dicías, a partir da memoria de Ánxel Fole. Mais



Cristina Martínez incidiu na posición de poder de Galaxia no sistema cultural

o importante é que Galaxia, o que fai, é crear a súa propia historia. Ante a dificultade de acceso ás fontes documentais, faise a historia con libros de conversas ou memorias. Non hai obxectividade nin contraste de fontes.

MV: Na Fundación Penzol calquera ten acceso á documentación e alí están as fontes primarias de Galaxia.

CM: En xeral, hai unha comprensión sectaria das fontes na cultura galega. A RAG non deixa consultar as actas das súas reunións. Eu pedínlle cousas a Víctor Freixanes e non houbo resposta...

**Cristina detecta unha polarización do discurso: ou o ton laudatorio ou unha crítica sustentada en cuestións ideolóxicas, desde posicións nacionalistas, á que tamén lle faltarían argumentos científicos.**

CM: Tanto nos materiais máis divulgativos como no campo académico hai dúas vertentes críticas: a liña nacionalista, que cuestiona e desvaloriza o proxecto de Galaxia, e a reintegracionista. Emítese discurso desde unha posición afectivo-sentimental, e iso é un problema, porque como investigadores non temos que facer xuízos morais, senón análise.

MV: Mais, que é a liña nacionalista?

CM: A corrente nacionalista son os axentes ligados ao nacionalismo hexemónico.

MV: É que posturas nacionalistas hai moitas. Moitas das persoas afíns a Galaxia participaron ou participan do nacionalismo. Beiras, por exemplo. Ou Ferrín, que foi parte de Galaxia, aínda que despois se afasta. No libro de Ana Acuña *Conciencia política e literatura en Madrid* está recollido que Ferrín di que Piñeiro non lles axudou con Brais Pinto. Pois hai cartas de Ferrín dándolle as grazas a Piñeiro pola súa axuda con Brais Pinto. Ademais de loitas polo poder e pola hexemonía, hai vínculos afectivos que se rompen e iso produce distorsións.

**Os conflitos de Galaxia con Luís Seoane ou Gonzalo Mourullo son significativos en canto a construción do canon da nosa literatura. Por que?**

MV: Seoane está coa liña do realismo social. E Piñeiro non quere literatura «comprometida» nese sentido. Mais, ollo!, que cando Ferrín lle manda a Seoane *O crepúsculo e as formigas*, a Seoane tampouco lle interesa. A Piñeiro o que lle interesa é a literatura que reflicte o que el considera que son os trazos do ser galego.

CM: Os galeguistas de Latinoamérica criticaban as posicións elitistas e pouco comprometidas de Galaxia. Mourullo representaba unha liña máis vangardista en relación ás propostas de Galaxia sobre o que debía ser a literatura galega na altura.

MV: O de Mourullo é un enfrontamento persoal. A Nova Narrativa Galega está publicada en Galaxia. O propio Mourullo admite que non lle entregou *Nasce unha árbore* a Piñeiro. E o seu segundo libro, *Memoria de Tains*, está epilogado por García Sabell. Non rexeitaron a Mourullo por innovador. O problema veu porque Mourullo empezara a ligarse coas Juventudes Socialistas e a desvincularse de Galaxia nun sentido amplo, pois faino tamén dos seus compañeiros de xeración: Franco Grande, Ferrín, Beiras...

CM: Que Mourullo non lle envíe o libro a Piñeiro xa é significativo. Ademais, Galaxia publica a Nova Narrativa en Illa Nova, pero máis tarde e cando xa non lles queda máis remedio que apostar polos novos.

MV: A aposta polos novos é absoluta, eles cren na nova xeración. Cando Ferrín envía *Percival e outras historias* falan de que será o grande escritor do país e despois publicanlle obras ata 1974.

CM: Pasou algo semellante con *A Esmorga* de Blanco-Amor. Álex Alonso explicouno ben Álex Alonso explicouno ben nun artigo publicado en Grial, *Blanco Amor e a constitución do campo literario, galgo durante os anos de Galaxia*.



Malores Villanueva subliñou a importancia do proxecto cultural Galaxia

MV: Piñeiro ten claro que *A Esmorga* é un gran libro, pero sabe que non vai pasar a censura. Ademais, mostra o lumpen, no contexto dun crime... E iso non estaba na liña dunha Galicia idealizada, que era o que lle interesaba a el.

**Moitas veces, os debates sobre Galaxia acaban reducíndose a un con Piñeiro ou contra Piñeiro. O cal coloca en segundo plano a outros axentes como Fernández del Riego, que ademais é apartado na última etapa.**

CM: É certo que a figura de Piñeiro produce un efecto abductor da mirada crítica: piñeiristas contra anti-piñeiristas.

MV: Hai reduccionismo, si. Galaxia non é Piñeiro, nin chega a todos os sitios. Non intervéñen en Salnés, por exemplo, cando se publica *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro. Da mesma maneira que é Fernández del Riego quen mantén a relación coa diáspora.

**Respecto ao clásico debate sobre o «culturalismo» de Galaxia, a tese de Malores afirma que a estratexia culturalista é política, que fora probada primeiro na emigración, ou que é reduccionista falar do galeguismo interior e o exterior e opoñelos.**

MV: Galaxia quere intervir na sociedade dentro das marxes que deixa o réxime. O propio Ferrín di que el forma parte do «proxecto político» de Galaxia. No galeguismo interior está Paz Andrade, que non está en Galaxia, e no exilio está Seoane, que ten conflitos con